


Proxecto de formación e asesoramento en centros:
Introdución á aula Abalar

Xoves, 31 de xaneiro de 2013



Gumersindo Monteagudo Domínguez

tecnoloxia@iesgarciabarros.org

PLANIFICACIÓN DA SESIÓN:

• SESIÓN 3 : ELABORACIÓN DE RECURSOS CO SMART NOTEBOOK

• CONTIDOS:

1. Repaso do manexo básico do encerado dixital:

- ✓ Acendido, comprobación e calibración
- ✓ Elaboración de anotacións e volcados de pantalla

2. Elaboración de actividades:

- ✓ Con recursos propios.
- ✓ Con recursos das galerías Smart.

3. Utilización de recursos para o encerado dixital:

- ✓ Repositorio de actividades Smart Exchange.
- ✓ Outros repositorios educativos.



1. REPASO DO MANEXO BÁSICO DO ENCERADO DIXITAL

Acendido, comprobación e calibración:

Tarefa 4.1:

- a) Recorda cales son os dous indicadores de comprobación de que o EDI está correctamente conectado ao ordenador.
- b) Observa como se calibraría o EDI e que dous camiños básicos temos para facelo.

Elaboración de anotacións e volcados de pantalla:

Tarefa 4.2:

- a) Crea un cartafol no Escritorio do teu equipo chamado **Prácticas sesión 4 PFAC**
- b) Fai unha anotación en pantalla e gárdaa nun ficheiro .notebook co nome Anotacións ao chou dentro do cartafol de prácticas.
- c) Abre a barra de ferramentas de captura de pantalla
- d) Abre nun navegador web Google Maps e emprega da anterior barra o elemento axeitado que che permita facer un volcado de pantalla no que obteñamos un mapa de Galicia. Garda o resultado no cartafol de prácticas como ficheiro .notebook co nome Mapa de Galicia.

2. ELABORACIÓN DE ACTIVIDADES

Con recursos propios

Tarefa 4.3:

- a) Accede á paxina Banco de recursos e imágenes del Ministerio de Educación
- b) Descarga da anterior páxina, ao cartafol de prácticas, unha imaxe sobre o Entroido.
- c) Fai o mesmo para un ficheiro de son .mp3 sobre o Entroido.
- d) Fai o mesmo para unha animación .swf sobre a madeira.
- e) Descarga da aula virtual do PFAC, sesión 4, o vídeo exemplo.avi ao teu cartafol de prácticas.
- f) Crea un ficheiro novo .notebook no que teñas unha páxina de presentación coa imaxe do apartado b que emita o son do apartado c ao premer sobre ela.
- g) Engade ao anterior ficheiro unha segunda páxina na que inclúas a animación do apartado d.
- h) Engade unha nova páxina para o vídeo do apartado e.
- i) Garda o ficheiro .notebook co nome recursos-multimedia dentro do cartafol de prácticas.

2. ELABORACIÓN DE ACTIVIDADES

Con recursos das galerías Smart

Tarefa 4.4:

- a) Tenta obter un ficheiro .notebook semellante ao da tarefa 4.3 pero empregando recursos das galerías incorporadas ao Smart Notebook.
- b) Garda este novo ficheiro co nome recursos-smart no teu cartafol de prácticas.

3. UTILIZACIÓN DE RECURSOS PARA O ENCERADO DIXITAL

Repositorios de actividades Smart Exchange

Tarefa 4.5:

- a) Se non o fixeches aínda, busca en Google a páxina de Smart Exchange e rexístrase.
- b) Cos teus datos de rexistro, inicia sesión como usuario de Smart Exchange.
- c) Busca algunha actividade da túa disciplina e descárgaa ao teu cartafol de prácticas.
- d) Comproba o funcionamento da actividade descargada co Smart Notebook.

3. UTILIZACIÓN DE RECURSOS PARA O ENCERADO DIXITAL

Outros repositorios educativos

Tarefa 4.6:

- a) Crea un novo ficheiro .notebook que lle chamarás recursos-seleccionados e que gardarás no teu cartafol de prácticas.
- b) Accede á páxina www.educanave.com/ e selecciona un recurso do teu interese
- c) Copia a ligazón ao recurso anterior e colócaa nunha páxina do ficheiro do apartado a.
- d) Fai o mesmo para un recurso dos seguintes repositorios:
 - ✓ [Actividades Jclic](#)
 - ✓ [Contenidos Educarex](#)
 - ✓ [Repositorio Abalar do centro \(se navegamos dende a rede do centro\)](#)
 - ✓ [Repositorio Abalar \(se navegamos dende fóra da rede do centro\)](#)
- e) Proba os recursos que creaches hoxe nalgunha aula con encerado dixital do centro.